

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 20 DE XANEIRO DE 2020.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte de xaneiro de dous mil vinte; as trece horas e corenta e minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don César Manuel Fernández Gil.- Concelleiros: Dona María Luz Expósito Pérez, dona Yolanda Gómez Gómez, dona Clara Loeda Soto, don Miguel García Domínguez.

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado trece de xaneiro de 2020.

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

Escrito do Grupo Municipal de Ribeiro en Común con rexistro de entrada no concello de 16 de xaneiro de 2020 , no que expón:

En relación coa situación na que se atopa a rede de sumidoiros municipal, na localidade de Francelos, onde as augas fecháis se están vertendo directamente ao río Outeiro, situación que tamén afecta ao entorno da ponte histórica desta localidade; e tendo en conta que esta é unha cuestión que o noso grupo xa ten reclamado en numerosas ocasións e que se repite noutros puntos do concello; como é o paseo do río Miño.

Solicitamos:

Volvemos reclamar que se lle dea canto antes unha solución a esta situación, que debe ser respectuosa co medio ambiente; cumprindo por parte do concello e concesionaria a normativa vixente.

A xunta de goberno acorda comunicar que se tentará solucionar o antes posible.

Escrito do Grupo Municipal de Ribeiro en Común con rexistro de entrada no concello de 20 de xaneiro de 2020 , no que expón:

En relación coa situación inaceptable na que se atopa a zona da fonte do Seixo, nas Chabolas, despois de o venres as augas fecais saíran á superficie e inundaran o camiño, a fonte e o lavadoiro.

Solicita:

Urxente limpeza da zona da fonte - lavadoiro do Seixo e do camiño que vai ao regueiro, nunha situación de insalubridade que non pode continuar nin un día máis, e que xa deba estar realizada.

Que a concesionaria municipal realice traballos de mellora nesta canalización: 1º desatascar a actual tubaxe que neste momento no realiza a súa función 2º reforma do saneamento coa separación de augas fecais e pluviais co obxectivo de que non se volva a dar unha situación como ésta 3º estudo de mellora desta infraestrutura , co obxectivo de evitar que as augas sen tratar rematen no regueiro e no río.

Por outra banda, tamén pedimos que se selen os vertedeiros ilegais que continúan existindo no noso municipio, como o que existe no Seixo , e que ao igual que San Paio, Santo André e Prexigueiro , o noso grupo xa ten reclamado, e por conseguinte neste concello xa se ten constancia da súa existencia.

A xunta de goberno acorda comunicar que sendo plenamente conscientes da problemática se está traballando para resolver o tema.

Escrito de don Sergio Docampo Rodríguez, con rexistro de entrada no concello de 20 de xaneiro de 2020 no que expón:

Que mediante contrato privado ha vendido a Andrés Rodríguez Saborido y Doña Caridad Rodríguez Lage un nicho situado en el cementerio de Ribadavia, situado en la tercera terraza derecha, parcela nº1( nicho inferior derecho).

Que a partir de este momento pasa a ser propiedad de las mencionadas personas.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

Escrito de dona Karina Souto Barreiro e máis veciños, con rexistro de entrada no concello número 389 de 20 de xaneiro de 2020, solicitando a limpeza do lixo e mobiliario dos veciños da carretera nacional 120 Bloque 3, 1º dereita.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento e que se darán os pasos necesarios para solucionar o problema.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

-Notificación de adjudicación pola Deputación Provincial de Ourense do contrato de obras de Acondicionamento contorno Arquetiña en A Franqueirán nº 73/POS/2019 a Coviastec SL polo importe de 39.669,42 euros, IVE non engadido.

#### **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-**

1.- A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de novembro 2019, por importe de 564 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

1.- A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de decembro 2019, por importe de 536,30 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

##### **CERTIFICACIÓN Nº 5 DA OBRA DENOMINADA “ACONDICIONAMENTO CAMPO DE FÚTBOL DE O XESTAL”.-**

Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 4 da obra denominada “Acondicionamento do Campo de fútbol de O Xestal”, remitida a esta Administración pola Deputación Provincial de Ourense, redactada pola Técnico Director da Obra Don Miguel Porras Gestido, executada pola empresa Explotacions Medioambientais S.L.U., por un importe total de 5.317,71 euros.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1. Tomar coñecemento da certificación nº 5, anteriormente indicada por importe de 5.317,71 euros.
2. Aboar a Deputación Provincial a aportación municipal correspondente a dita certificación que ascende a 862,56 euros.

**ADHESION AO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACION COS CONCELLOS PARA REALIZACION DE ACTUACIONS DE LIMPEZA DAS MARXES DAS REDES VIARIAS MUNICIPAIS E PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2020.-**

Unha vez vistas as bases reguladoras do Programa Provincial de Cooperación cos Concellos para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipais e provincial para o exercicio 2020, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes **ACORDA:**

1º.- Aprobar a adhesión do Concello de Ribadavia ao Programa provincial de Cooperación cos Concellos para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2020, solicitando a concesión dunha subvención por importe de 4.500 euros.

2º.- Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponde do programa de cooperación, en particular as previstas na cláusula 7ª das bases que regulan o programa de cooperación, comprometéndose a realizar os traballos da rede viaria provincial que se determinen por Resolución da Presidencia da Deputación, para un tramo ou conxunto de tramos de entre 10 e 12 quilómetros de lonxitude.

3º.- Declarar que o Concello de Ribadavia non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial conforme co que dispón o artigo 13 da Lei xeral de subvencións, manifestando, igualmente, estar o corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

**HORARIOS TEMPADA 2019/2020 DO ESPAZO DEPORTIVO DA INSTALACIÓN DO COMPLEXO O XESTAL CAMPO NOVO SINTÉTICO.**

Vista a proposta provisional de horarios, tempada 2019/2020 do espazo deportivo da instalación complexo o Xestal campo novo sintético, formulada polo Director do Servizo Municipal de Deportes , según se recolle no regulamento sobre uso das instalacións deportivas municipais .

**A xunta de goberno por unanimidade acorda:**

**1º Aprobar o horario provisional da tempada 2019/2020 da instalación do complexo deportivo municipal O Xestal campo novo sintético , segundo a proposta formulada polo Director do Servizo Municipal de Deportes.**

COMPLEXO O XESTAL CAMPO NOVO SINTETICO	HORAS	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES	SABADO	DOMINGO	
	MAÑAN	COMPETICIÓNES ESCOLARES A.D.E. O RIBEIRO						9:00 / 23:00	9:00 / 23:00
	16:30/20:30	RIBADAVIA ATL.						COMPETICIÓNES	COMPETICIÓNES
	20:30/22:30		FRANCELOS F.C.		FRANCELOS F.C.	FRANCELOS F.C.			

**2º Dar traslado ás entidades solicitantes para que por prazo de dez días hábiles a contar da recepción da notificación formulen as alegacións que ó seu dereito conviñan.**

## **ADJUDICACIÓN DE CONTRATO**

En relación al expediente de contratación en trámite de **CONTRATO MIXTO DE OBRAS Y SUMINISTRO POR PROCEDIMIENTO ABIERTO PROYECTO DE INSTALACIÓN DE ALUMBRADO ORNAMENTAL DEL CASTILLO DE RIBADAVIA. AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA**

ACTUACIÓN SUBVENCIONADA POR EL IDAE EN BASE AL REAL DECRETO 616/2017 , DE 16 DE JUNIO, POR EL QUE SE REGULA LA CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIONES A PROYECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCALES QUE FAVOREZCAN EL PASO A UNA ECONOMÍA BAJA EN CARBONO EN EL MARCO DEL PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECIMIENTO SOSTENIBLE 2014-2020.

Vista el acta de la mesa de contratación formulando propuesta de adjudicación a favor de AOPIL SL

Considerando que con fecha de 21 de enero de 2020 la empresa constituyó la garantía definitiva por importe de 3.492,25 euros.

La Junta de Gobierno Acuerda:

-Adjudicar el contrato a AOPIL SL por el importe de 69.845,00 € y 14.667,45 euros de IVA, con las condiciones fijadas en la oferta :  
Reducción de plazo 30 días.  
Período de garantía adicional de cinco (5) años.

Que se compromete a realizar las siguientes mejores de obra:

Focos empotrables con acabado en acero inoxidable AISI 316 con cristal templado protector con una resistencia de hasta 5000Kg	Si
Focos empotrables con CRI mínimo de 80	Si
Focos empotrables RGB para iluminación de la pared exterior del castillo con posibilidad de cambio de color centralizada	Si

-Aprobar el gasto por importe de 84.512,45 euros  
-Publicar el presente acuerdo en el perfil del contratante en el plazo de quince días.  
-Comunicar al contratista que la formalización del contrato se efectuará con fecha 28 de enero de 2020 en horario de mañana, debiendo personarse un representante de la empresa para proceder a la formalización del mismo.

**Acuerdo de inicio del expediente de contratación de CONTRATO DE SUMINISTRO DE MATERIAL ELÉCTRICO DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA**

Visto el informe de Secretaría, y de conformidad con lo establecido en la Disposición Adicional Segunda de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE, de 26 de febrero de 2014, y en ejercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de 17 de junio de 2019,

La Junta de Gobierno Local acuerda:

PRIMERO.- Aprobar el expediente de contratación, mediante procedimiento abierto simplificado para **CONTRATO DE SUMINISTRO DE MATERIAL ELÉCTRICO DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA**, convocando su licitación.

SEGUNDO .Aprobar el gasto correspondiente 50.000 IVA incluido.

TERCERO.- Aprobar los pliegos de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas que regirán el contrato.

CUARTO.- Publicar el anuncio de licitación en el perfil de contratante con el contenido contemplado en el Anexo III de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.

QUINTO.- Publicar en el perfil de contratante toda la documentación integrante del expediente de contratación, en particular el pliego de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas. La documentación necesaria para la presentación de las ofertas tiene que estar disponible el mismo día de la publicación del anuncio de licitación.

SEXTO.- Finalizado el plazo de presentación de las proposiciones, se procederá a la apertura de las proposiciones y a su valoración.

SÉPTIMO.- Efectuada la valoración de las proposiciones y la propuesta de adjudicación, se procederá a la adjudicación.

#### **INFORME SOBRE LA NO DIVISIÓN EN LOTES DEL CONTRATO DE SUMINISTRO DE MATERIAL ELÉCTRICO DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA.**

Visto el expediente en trámite para la contratación de suministro de material eléctrico del ayuntamiento de Ribadavia .

Visto el artículo 99.3 de la Ley de Contratos del Sector Público.

Considerando que con la no división en lotes del objeto del contrato se cumplen con los requisitos de procedimiento, publicidad y los principios de igualdad y no discriminación establecidos en la normativa de contratación.

La Junta de Gobierno local por unanimidad acuerda:

El objeto del contrato no se divide, a efectos de su ejecución, en lotes por el riesgo para la correcta ejecución del contrato derivada de la naturaleza del

mismo , debido que con la división en lotes del objeto del contrato se incrementarían los costes de ejecución por la existencia de una pluralidad de contratistas diferentes, se perderían las economías de escala, la coordinación de la ejecución de las prestaciones y la optimización del control de la ejecución global del contrato.

### **APROBACIÓN DE FACTURA**

A xunta de goberno por unanimidade aproba a factura emitida por Electricidad Gremaca y Cia SL , nº A/8, de data 10/01/2019 , por importe total de 7.093,02 euros, base imponible 5.862,00, Imposto sobre o valor engadido 1.231,02 euros en concepto de iluminación ornamental de navidade e man de obra bola.

### **6.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo.-

E sendo as trece horas e cincuenta minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente acta, do cal, coma Secretario, certifico.